



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE ABRIL DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00016997N.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión ordinaria celebrada con data 15 de marzo de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1907/2017.

Licenza de obra maior.

Apróbase a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión do 01/03/2019 (rectificada na data 11/03/2019) para a construción de edificio de soto, 4 plantas e baixo cuberta para 30 vivendas no LG CORNES - PARCELA R5 - SUP2 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), conforme o proxecto básico e de execución reformado de data de visado do 03.04.2020, con orzamento de execución material 2.342.900,60 euros.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/190/2020.

Licenzas de parcelamento.

Acórdase aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 20/01/2021, outorgada ante notario, de 391,70 m²; e conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto reformado e presentado o 31/07/2020 o PARCELAMENTO da finca situada no LG BALSOMA SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) Parcela con referencia catastral 15079A5050104 nas seguintes parcelas:

- Parcela Resultado 1040 -B. Superficie neta 3.740,32 m².
- Parcela Resultado 1040 -A1. Superficie neta 848,07 m².
- Parcela Resultado 1040 -A2. Superficie neta 848,87 m².
- Parcela Resultado 1040 -A3. Superficie neta 848,48 m².
- Parcela Resultado 1040 -A4. Superficie Neta 947,56 m².

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1628/2020.

Licenza instalación de ascensor.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 23/09/2020, e a documentación presentada o 18/12/2020 e o 23/12/2020; a INSTALACIÓN DUN ASCENSOR no edificio situado na RÚA GARCÍA BLANCO (DE), 4 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 150.000,00 euros.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1616/2020.

Licenza para a construción de vivenda unifamiliar.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 08/03/2019; a CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ENTRE MEDIANEIRAS no CMÑO VILARES (DOS), 100B SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 152.432,55 euros.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/9131S.

Licenza de obra menor.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 3.071,25 euros e conforme a memoria presentada na data 09/03/2021, a DESMONTAXE E REPOSICIÓN DUN TRAMO DE MURO no peche da parcela do Convento do Carme situado na RÚA SANTA CLARA 8 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00001325Y.

Licenza para restauración de fachada.

Acórdase conceder a FUNDACION CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 18/01/2021, a RESTAURACIÓN DA FACHADA DA RÚA FONSECA DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, cun orzamento de execución material de 130.829,85 euros.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/665/2020.

Licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 27/03/2020 e o Anexo de data de visado 18/03/2021; REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR situada na RÚA CAMPO DO FORNO (DO), 11 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución de 77.190,25 euros.

9. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: lap/288/2020.

Licenza de obra nova para construción de supermercado na rúa de Malta,1.

Acórdase conceder a ALDI SUPERMERCADOS S.L., licenza de OBRA NOVA para construción de nave destinada a supermercado, na RÚA MALTA, 1; achegando proxecto básico e de execución, visado con data 18.09.2020, e anexos con rexistro de entrada de 30/11/2020, 13/01/2021 e 24/02/2021, cun orzamento de execución material de 1.419.092,88 euros.

As actuacións consistirán na construción de nave comercial de dúas plantas e baixo cuberta (B+1+BC) para supermercado, cunha ocupación en planta de 1.713,53 m², altura de 8,86 metros, e unha superficie construída total de 3.550,97 m². A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza D do Plan Parcial do SUNP-37, 1º sector de Costa Vella. A ocupación ou aforo autorizado é de 374 persoas.

10. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: lap/202/2020.

Licenza de obra nova para construción de edificio corporativo na rúa País Vasco,7.

Acórdase conceder a BANDALUX INDUSTRIAL SA., licenza de OBRA NOVA para construción de edificio corporativo na RÚA PAÍS VASCO 7, Parcela L3a04b do Polígono Industrial da Sionlla, segundo proxecto básico e de execución co visado colexial de data 22/12/2020 e anexo con data de visado de 12/02/2021, cun orzamento de execución material de 2.651.718,00 euros.

As actuacións consistirán na construción de edificación de 5 plantas (2 S+B+2) para uso de oficinas cunha ocupación en planta de 1.314,30 m² (incluído patio), altura de 12 metros, e unha superficie construída total de 4.538,66 m² (4.068,50 m² útiles). A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 3 de edificación semiadosada. Variante 3 A do Proxecto sectorial da Sionlla. A ocupación máxima autorizada é de 946 persoas.

11. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2020/00001808B.

Licenza de obra nova para construción de restaurante na rúa Castilla e León,8.

Acórdase conceder a RESTAURANTE MCDONALD´S, S.A licenza de OBRA NOVA para construción de edificación destinada a RESTAURANTE na RÚA CASTILLA E LEON, 8 esquina con Rúa ANDALUCÍA, segundo proxecto básico e de execución co visado colexial de data 12/04/2021, cun orzamento de execución material de 1.071.085,18 euros.

As actuacións consistirán na construción de dunha edificación dunha planta destinada a restaurante, cunha ocupación en planta de 343,74 m², altura de 7 metros e superficie útil de 309,31 m². Consta tamén dunha zona de terraza exterior de 343,78 m², empalizada cuberta para contedores cunha superficie de 14,95 m², zona para venda directa a automóviles, zona de xardinería e aparcamento e poste publicitario de 24 metros de altura.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 4. Edificación exenta, Variante 4. A, do Plan Sectorial da Sionlla. O aforo máximo autorizado para o local é de 208 persoas, 144 no interior da edificación e 64 na terraza exterior.

12. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/139/2020.

Aprobación do proxecto de actualización e mellora da instalación de climatización do CSC de STA MARTA – FASE 2.

Apróbase o “Proxecto de actualización e mellora da instalación de climatización e renovación do aire do Centro Sociocultural Santa Marta de Santiago de Compostela. Fase 2” presentado con data 17 Decembro de 2020. Dacordo co proxecto os parámetros de licitación son os seguintes:

- O orzamento da obra é de 92.689,38 € + 19.464,77 € do 21 % de IVE que fai un total de de **112.154,16 euros**.

-O prazo de execución é 51 días naturais.

-Non se esixe cualificación do contratista.

A reforma, correspondente á Fase 2, complementaria á realizada na fase 1, presenta o seguinte alcance:

1. Reformado e calorifugado de sistema de distribución por condutos exterior existente, incorporando rede de condutos novos para a unidade de tratamento de aire e illando adecuadamente os condutos de chapa existentes que dan servizo á ludoteca.

2. Instalación de láminas de protección solar sobre os cerramentos traslúcidos orientados ao sur do edificio.

3. Instalación de fancoils de casete de salas non climatizadas da primeira planta.

4. Instalación de nova bomba de calor, bomba de calor 3 de 30 Kw de potencia conectada en ferverza coa existentes que de servizo aos novos emisores.

5. Instalación de sistema compacto Rooftop para dar servizo exclusivo e independente á sala de usos múltiples.

6. Instalación de nova unidade de tratamento de aire UTA xeneral para 5 subsistemas de climatización do edificio que incorpore un recuperador de calor entálpico.

7. Instalación de sistemas de control de caudal de aire gobernadas por controis de CO2 nas diferentes zonas térmicas mediante válvulas de regulación motorizadas nos condutos.

8. Recableado e reprogramación de instalación de control da instalación.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/39/2019.

Comunicación previa á prórroga do “Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2020-2021”.

Acórdase que se inicien os trámites precisos para a prórroga do contrato de prestación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os CEIPS dependentes do Concello de Santiago de Compostela 2020-2021, recabando os informes precisos, e notificando, en primeiro termo, á empresa contratista ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA este acordo, notificación que ten a condición de preaviso de acordo co previsto no art. 29.2 da LCSP.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/24/2020.

Recepción das obras recollidas no "Proxecto de rehabilitación enerxética de inmobles de titularidade municipal".

Acórdase que se autorice o inicio de trámites para proceder a recepción das obras, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 14 de abril de 2021, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/33/2019.

Recepción das obras de “Construción dunha senda peonil na rúa de San Martiño (1ª Fase). POS + 2019”.

Acórdase que se autorice o inicio de trámites para proceder a recepción das obras, nomeando representante da administración ao técnico municipal responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/18/2019.

Recepción de obras de acondicionamento do entorno do Centro Sociocultural de A Gracia, mellora de accesibilidade no propio centro e creación dunha área de xogos e circuito biosaludable nas inmediacións deste. POS + 2018.

Acórdase que se autorice o inicio de trámites para proceder a recepción das obras, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/105/2007.

Prórroga contrato de alugamento do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais (Catastro e Censos).

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais (Catastro e Censos), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de maio de 2021 ata o 30 de abril de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 12-xuño-2007, a súa clausula segunda establece que a partir do ano 2009 o prezo de alugamento incrementarase conforme a variación do IPC dos últimos doce meses, polo que propónse a revisión do IPC

dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2009 ata abril de 2021). Tendo en conta que aínda non se publicou a variación correspondente a abril de 2021, a renda definitiva a partir do 1 de maio de 2021 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de abril de 2021.

Para o mes de maio de 2021 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 824,33 euros, IVE incluído.

Publicado o IPC de abril de 2021 efectuarase a revisión correspondente con efectos dende o 1 de maio de 2021.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/51/2020.

Aprobación do gasto e adjudicación “Servizo de mantemento avanzado da aplicación de xestión contable e orzamentaria SICALWIN (Aytos Soluciones Informáticas) do Concello de Santiago de Compostela” (CON/51/2020).

Acórdase:

- Aprobar o gasto necesario para o financiamento deste contrato imputándoo á aplicación orzamentaria **030 92001 2279901**, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

Anualidade 2021: 25.374,91 euros.

Anualidade 2022: 25.374,91 euros.

- Adjudicar o contrato de referencia a favor da empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS SLU, por un importe de 20.971 euros (IVE aparte 21%: 4.403,91 euros), por ser a única licitadora admitida ao proceso ao estar en posesión dos dereitos de exclusiva da aplicación sobre a que se pretende contratar o seu mantemento e cumprir os requirimentos dos pregos de aplicación.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **030 92001 2279901**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 25.374,91 euros.

Anualidade 2022: 25.374,91 euros.

Este acordo esixirá o posterior reaxuste do financiamento á realidade definitiva do contrato, debendo constar para elo a conformidade da empresa contratista.

19. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/44/2019.

Adjudicación do contrato de “Subministración de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela” (CON/44/2019).

Acórdase:

-Adjudicar o contrato de referencia a favor de FRANCISCO ARENAS RAMIREZ, por un importe de 11.072,96 euros (IVE aparte 21%: 2.325,32 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **030 92001 22002 00**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios (para o cálculo das anualidades asúmese o inicio da prestación a 1 de xullo de 2020 e un consumo uniforme ao longo de toda a vixencia do contrato. Neste senso, se ben existen picos puntuais, en termos xerais é aplicable esta regra):

-Anualidade 2020. 6 meses. 6.699,14 euros, IVE incluído.

-Anualidade 2021. 12 meses. 13.398,28 euros, IVE incluído.

-Anualidade 2022. 6 meses. 6.699,14 euros, IVE incluído.

Este acordo esixirá o posterior reaxuste do financiamento á realidade definitiva do contrato, debendo constar para elo a conformidade da empresa contratista.

20. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/37/2020.

Modificación das fases de execución dos traballos de prestación do servizo de actualización da cartografía SIG de referencia municipal a escala 1:500 no ámbito da Cidade e a escala 1:1000 no resto do termo municipal de Santiago de Compostela (CON/38/2020.)

Acórdase reorganizar, ante a imposibilidade de realizar os voos en temporada invernal, as fases de execución dos traballos de prestación do servizo de actualización da cartografía SIG de referencia municipal a escala 1:500 no ámbito da Cidade e a escala 1:1000 no resto do termo municipal de Santiago de Compostela, e a xeración dunha TRUE-ortofotografía dixital de resolución 10 cm, levando a cabo previamente a análise e revisión da base de datos xeográfica de partida (BTUG):

1. Revisión da estrutura de campos e dominios, eliminando dominios que se repitan.
2. Revisión da información que se atopa sen rellenar.
3. Adecuación da información que non se axuste os valores definidos para cada campo.
4. Eliminación de campos que no pertencen a estrutura definida.
5. Incorporación de novos campos que falten.

En consecuencia, isto implicará o aboamento das facturas nas seguintes fases:

1. 10% á entrega da revisión da base de datos BTUG
2. 30% á entrega dos voos fotogramétricos.
3. 30% á entrega da revisión de campo.
4. 30% á entrega final dos traballos.

E finalmente, implicará tamén unha nova proposta de financiamento:

- Anualidade 2020: 9.680,00 euros
- Anualidade 2021: 87.120,00 euros

21. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/75/2020.

Aprobación do expediente, do gasto e apertura procedemento da execución do proxecto de "Reforma dos aseos públicos existentes na rúa Trindade e no Parque da Alameda (CON/75/2020).

Apróbase o expediente denominado Execución do proxecto de "Reforma dos aseos públicos existentes na rúa Trindade e no Parque da Alameda", así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 128.413,62 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 26.966,86 euros. O importe total ascende a **155.380,48 euros**. O prazo de execución é de 5 meses.

22. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/79/2020.

Aprobación do gasto e apertura do procedemento do expediente denominado Execución das obras do proxecto básico e de execución de espazo cuberto de usos múltiples para o barrio de Sta. Marta-Choupana (CON/79/2020).

Apróbase o expediente denominado "Execución das obras do proxecto básico e de execución de espazo cuberto de usos múltiples para o barrio de Sta. Marta-Choupana, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 113.050,00 euros IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 23.740,50 euros. O importe total ascende a **136.790,5 euros**. O prazo de execución é de 4 meses.

23. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/8/2021.

Aprobación expediente, gasto e apertura procedemento da execución do proxecto duns novos aseos públicos na Avda. de Raxoi en Santiago de Compostela (CON/8/2021).

Aprobase o expediente denominado “Execución do proxecto duns novos aseos públicos na Avda. de Raxoi en Santiago de Compostela”, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 172.576,74 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 36.241,12 euros. O importe total ascende a **208.817,86 euros**. O prazo de execución é de 5 meses.

24. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/18/2020.

Aprobación do expediente, do gasto e apertura procedemento execución das obras do proxecto de acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa Escola de Música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I – aparcadoiro (CON/18/2020)

Apróbase o expediente denominado Execución das obras do proxecto de acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa Escola de Música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I - aparcadoiro, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 157.651,20 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 33.106,75 euros. O importe total ascende a **190.757,95 euros**. O prazo de execución é de 5 meses.

25. COMERCIO. Referencia: 2021/00014230M.

Desestimación de recurso de reposición interposto por dona María José Martínez Fernández contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno en data 30.12.2020, relativo á aprobación do gasto, concesión de axudas e denegación no seu caso, ao abeiro da convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola COVID-19, ANUALIDADE 2020 .

Adóptanse os seguintes acordos:

- 1.- Acordar a acumulación dos procedementos iniciados a solicitude de interesado polos que solicita rectificación de erros e formula recurso de reposición contra acordó da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2020 referente á aprobación do gasto da convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola Covid-19, anualidade 2020, a concesión das axudas ás persoas beneficiarias e no seu caso, a denegación das axudas solicitadas polos motivos indicados. Contra este acordo non cabe recurso algún.
2. Desestimar o recurso de reposición interposto pola persoa interesada, contra o acordo da Xunta de Goberno adoptado en data 30.12.2020 referente á aprobación do gasto da convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola Covid-19, anualidade 2020, a concesión das axudas ás persoas beneficiarias e no seu caso, a denegación das axudas solicitadas polos motivos indicados.
3. Rectificar o erro material existente no acordo da Xunta de Goberno adoptado en data 30.12.2020 impugnado, no senso de que onde di:
“*Non achegar modelo CS006A. Esgotamento de crédito orzamentario*”.
Debe dicir:
“*Modelo CS006A con campos non cubertos, incompletos ou inexactos: declaración responsable. Esgotamento de crédito orzamentario*”
4. Notificar este acordo á interesada.

26. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00003114Y.

Traspaso da caseta da praza de abastos número CE28.

Acórdase autorizar o traspaso da caseta da praza de abastos número CE28. O prezo do traspaso é de 6.010,12 euros, máis IVE, e a caseta dedicaranse á venda de produtos de aperitivo, frutos secos, golosinas, etc. (Epígrafe fiscal 644.6).

2. A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar a caseta conforme as disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos e a duración da concesión será por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

27. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00016370Y.

Proposta relativa á creación dun mercadoño de venda ambulante na rúa París no barrio de Fontiñas.

Adóptanse os seguintes acordos:

-A creación, coas condicións expresadas no parágrafo seguinte, dun novo mercadoño de venda ambulante de carácter periódico na Rúa París no barrio das Fontiñas, a celebrar os sábados de cada semana. O mercadoño contará cun mínimo de 65 e un máximo de 130 postos numerados. Coa finalidade de ofrecer diversidade de produtos á venda, do total dos postos, un máximo do 60% poderán destinarse a actividade textil, calzado e confección e o 40% restante a outras actividades.

A creación do novo mercadoño condiciónase á manifestación de interese por parte do colectivo de comerciantes ambulantes, polo que se unha vez rematado o período de solicitudes e realizada a súa valoración, non se contara con alomenos 65 solicitudes que reúnan os requisitos para ser adxudicatarios dos postos, a Xunta de Goberno desistirá da creación do mercadoño.

Data e horario de celebración: O mercadoño celebrarase os sábados de cada mes en horario de 9:30 a 14:30 horas, se ben os comerciantes disporán de media hora antes e despois deste horario para a montaxe e desmontaxe dos postos. O Concello resérvase a potestade de suprimir a celebración do mercadoño, previa comunicación aos titulares autorizados, ante a concorrencia de circunstancias excepcionais ou de interese xeral que o fixeran necesario.

-Aprobar as BASES REGULADORAS DA ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA O EXERCIZO DA VENDA AMBULANTE NO MERCADIÑO DE FONTIÑAS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, así como a apertura do prazo de presentación de solicitudes por un período de 30 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

28. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0023.

CONVALIDACIÓN DE GASTOS POR OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA

Asunto: Factura expedida por “SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. (SERMASA)” con CIF núm. A28781151 en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas correspondente ao mes de febreiro de 2021.

Acórdase resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora que se relaciona a continuación, referido á factura e relación contable S-21 4 con data de rexistro 01/03/2021, no senso que se indica:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 32.398,27 euros, segundo a factura número de relación contable F/2021/847, e que se achega no expediente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

29. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0024.

CONVALIDACIÓN DE GASTOS POR OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA

Asunto: Facturas expedidas por UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A. (SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE) con CIF núm. U86729720 en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPs do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período do mes de febreiro de 2021.

Acórdase resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora que se relaciona a continuación, referido ás facturas e relacións contables detalladas nos antecedentes, no senso que se indica:

Facturas emitidas por UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A. (SEVIZOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE) en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPs do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período do mes de febreiro de 2021:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVENTA MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (90.850,94 €) que se relacionan no cadro do punto 1 dos ANTECEDENTES, en concepto de servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPs do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de febreiro de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

30. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: MODIFICACIÓN RPT ÁREA URBANISMO. Modificación puntual da relación de postos de traballo que afecta á área de Urbanismo e Obras.

Acórdase:

-Aprobar inicialmente a modificación puntual da relación de postos de traballo que afecta aos postos de traballo que a continuación se indican, do departamento de urbanismo e obras, e que figuran consignados cos seguintes requisitos e características:

DENOMINACIÓN POSTO	CÓDIGO	ESCALA	REQUISITOS
Xefatura Servizo Licenzase Disciplina Urbanística	4200F1128	A.X	Licenciatura en Dereito.
Xefatura servizo Planeamento e xestión urbanística	4100F2128	A.E	Licenciatura en Arquitectura/Enxeñería

Coa modificación que se propón, a escala e requisitos dos mencionados postos quedarían establecidos como segue:

DENOMINACIÓN POSTO	CÓDIGO	ESCALA	REQUISITOS
Xefatura Servizo Licenzase Disciplina Urbanística	4200F1128	A.X/A.E	Licenciatura/Grao en Dereito/Arquitectura
Xefatura Servizo Planeamento e Xestión Urbanística	4100F2128	A.X/A.E	Licenciatura/Grao en Dereito/Arquitectura

Unha vez aprobada inicialmente a modificación, e tal e como dispón o artigo 202 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, someterase á información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido o citado prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se plantexaron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a modificación da relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00016642W.

Persoamento no proceso ordinario 7072/2021 TSX interposto por Adif Alta Velocidad. ANTECEDENTES

Con data do 30.03.2021 a Secretaria do Xurado de Expropiación de Galicia emite oficio de emprazamento para este Concello no PO 7072/2021 da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso interposto por ADIF Alta Velocidad, contra o Acordo do citado Xurado que ten por obxecto a expropiación municipal da finca nº 1 para a obra "01925 – Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela", expediente 20200000844.

Á vista do exposto; ao abeiro do disposto no artigo 17 do Regulamento de organización e funcionamento da Asesoría Xurídica do Concello de Santiago de Compostela (BOP 15.01.2020); a Asesoría Xurídica considera conveniente, para a defensa dos intereses municipais, que o Concello de Santiago se persoe no citado procedemento e de acordo co informe-proposta da Asesoría Xurídica, propoño á Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto no artigo 127.1.j LBRL

Á vista de canto antecede, a Xunta de Goberno Local acorda o persoamento do Concello de Santiago de Compostela no PO 7072/2021 tramitado pola Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para a defensa dos intereses municipais.

32. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00016997N.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 16 a 22 de abril de 2021.

URXENCIAS

33.- APROBACION DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO EXECUCIÓN DO PROXECTO DE REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DA CALZADA DA AVDA. DE ASTURIAS (CON/78/2020).

Acórdase a aprobación do expediente denominado "Execución do proxecto de Rexeneración do pavimento da calzada da Avda. de Asturias", así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 412.441,71 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 86.612,76 euros. O importe total ascende a **499.054,47 euros**. O prazo de execución é de 4 meses.

34.- REANUALIZACIÓN CONTRATACIÓN SERVIZO PARA A IMPLEMENTACIÓN DO PROGRAMA "COMPOSTELA TERRITORIO DAS MULLERES". (CON/70/2018).

Apróbbase o reaxuste das anteditas anualidades, coa conformidade da empresa contratista, e adaptándoas á realidade do servizo, do seguinte xeito, prevendo a sinatura da acta de inicio con efectos dende o 1º de abril de 2021:

Anualidade 2021: 46.280,94 euros.

Anualidade 2022: 25.711,64 euros.

35.- REANUALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN DUNHA CAMPAÑA NOS CENTROS DE ENSINO PARA TRABALLAR A EDUCACIÓN EN IGUALDADE E PROGRAMAS PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO EN EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL, BACHARELATO E EDUCACIÓN ESPECIAL NOS CURSOS 2020/2021 E 2021/2022, ACTUACIÓN QUE FORMA PARTE DA EDUSI, COFINANCIADA POLO FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA 2014-2020. (CON/13/2020).

Arpóbase o reaxuste das anteditas anualidades, coa conformidade da empresa contratista, e adaptándoas á realidade do servizo, do seguinte xeito, prevendo a sinatura da acta de inicio con efectos dende o 1º de abril de 2021:

Anualidade 2021: 23.625,00 euros.

Anualidade 2022: 31.499,99 euros.

Anualidade 2023: 7.875,00 euros

36.- REANUALIZACIÓN SERVIZO PARA A COORDINACIÓN E FUNCIONAMENTO DA CASA DAS MULLERES XOHANA TORRES, ACTUACIÓN QUE FORMA PARTE DA EDUSI, COFINANCIADA POLO FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERTAIVO PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA 2014-2020 – (CON/19/2020).

O reaxuste das anteditas anualidades, coa conformidade da empresa contratista, e adaptándoas á realidade do servizo, do seguinte xeito, prevendo a sinatura da acta de inicio con efectos dende o 1º de abril de 2021:

Anualidade 2021: 23.988,25 euros.

Anualidade 2022: 23.988,25 euros.

37.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE, DO GASTO E APERTURA PROCEDUREMTO EXECUCIÓN DAS OBRAS RECOLLIDAS NO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE SINTÉTICO DO CAMPO DE FÚTBOL DO SERGAS (CON/80/2020).

Acórdase a aprobación do expediente denominado “ Execución das obras recollidas no proxecto de renovación do céspede sintético do campo de fútbol do Sergas, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 454.642,27 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 95.474,88 euros. O importe total ascende a **550.117,15 euros**. O prazo de execución é de mes e medio.

38.- SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS POR UNHA CONTÍA DE 2.028.712,20€ (DOUS MILLÓNS VINTEOITO MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), SOBRE UN ORZAMENTO TOTAL DE 4.026.625,76€.

Acórdase:

Primeiro: a aprobación da solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos sociais comunitarios básicos por unha contía de 2.028.712,20€ (dous millóns vinteoito mil setecentos doce euros con vinte céntimos), sobre un orzamento total de 4.026.625,76€. De concederse, tería unha achega municipal de 1.749.135,04 € (un millón setecentos corenta e nove mil cento trinta e cinco euros con catro céntimos), que supón unha porcentaxe do 43,44% sobre o orzamento total do proxecto.

A solicitude ten o seguinte detalle:

a) Persoal: 222.009,00 euros

b) Axuda no fogar:

o Modalidade de prestación básica do plan concertado: 7.000 euros

o Modalidade para persoas valoradas como dependentes 1.473.812,86 euros

c) Programas de intervención social por COVID-19: 325.890,34 euros

Segundo: aprobar o compromiso deste concello a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos para o ano 2021 na contía de 2.028.712,20 euros (dous millóns vinteoito mil setecentos doce euros con vinte céntimos), que supón unha

porcentaxe do 50,38 % sobre o orzamento total do proxecto, cunha achega municipal de 1.749.135,04 € (un millón setecentos corenta e nove mil cento trinta e cinco euros con catro céntimos), que supón unha porcentaxe do 43,44% sobre o orzamento total do proxecto. A cuantía aportada en concepto de cofinanciamento non supón ningún custo engadido para o Concello, dado que todos os gastos a cargo do Concello contan con consignación no orzamento do ano 2021.

Terceiro: declarar expresamente que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, cando menos, nas mesmas condicións que no ano anterior

Cuarto: declarar expresamente as axudas públicas solicitadas para esta finalidade (Deputación A Coruña), por un total de 248.778,52 € (douscentos corenta e oito mil setecentos setenta e oito euros con cincuenta e dous céntimos), o que supón unha porcentaxe do 6,18% sobre o orzamento total do proxecto. Esta contía forma parte dun total de 320.521,02 euros solicitados e concedidos pola Deputación da Coruña.

39.- APROBAR O RECOÑECIMENTO DE OBRIGA DERIVADA DA CONVOCATORIA DO PREMIO DE ENSAIO E CREACIÓN AUDIOVISUAL XOHANA TORRES, EDICIÓN ANO 2020, NA SÚA MODALIDADE DE CREACIÓN AUDIOVISUAL.

Apróbase o recoñecemento de obriga derivada da convocatoria do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2020, na súa *Modalidade de Creación Audiovisual* a favor de:

Dona Rosa María Taboada Rey, por importe de 2.500,00 euros. coas retencións que legalmente lle sexan de aplicación, por ser a gañadora nesta edición 2020 coa porcentaxe do 100 % do premio (segundo declaración asinada pola autora) na modalidade de Creación Audiovisual, polo seu traballo: "Na procura da luz", de conformidade co previsto na base décima que rexe este premio.

Achégase certificación de número de conta bancaria da que é titular a gañadora para proceder a transferencia do premio.